

CONSELLO SOCIAL

**Marta Villamayor Álvarez**, secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICA, con anterioridade á aprobación da acta correspondente, que o Pleno do Consello Social desta Universidade en sesión ordinaria celebrada o 19 de febreiro de 2020, tomou, entre outros, o acordo de aprobar o Plan económico-financeiro 2019-2020 da Universidade de Santiago de Compostela, a proposta do Consello de Goberno da USC.

A documentación figura como anexo á presente certificación.

E para que así conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 19 de febreiro de dous mil vinte, co visto e praxe da sra. presidenta.

Vº e Pº.,  
A presidenta

Cecilia Sierra Rey





## **PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO**

### **I. FUNDAMENTO DA PRESENTACIÓN DO PLAN**

Recollerase o fundamento polo que se presenta o Plan:

- Peche do exercicio 2018 con déficit en termos de contabilidade nacional.
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia e Plan de financiamento do SUG 2016-2020.

## II. SITUACIÓN ACTUAL

### 1) EVOLUCIÓN DOS INGRESOS ORZAMENTARIOS. Exercicios 2016, 2017 e 2018. Datos consolidados.

#### 1.a) En valores absolutos:

| INGRESOS<br>(Miles euros) | 2016              |                      |                   | 2017              |                      |                   | 2018              |                      |                   |
|---------------------------|-------------------|----------------------|-------------------|-------------------|----------------------|-------------------|-------------------|----------------------|-------------------|
|                           | Previsión inicial | Dereitos recoñecidos | Cobros corrente   | Previsión inicial | Dereitos recoñecidos | Cobros corrente   | Previsión inicial | Dereitos recoñecidos | Cobros corrente   |
| <i>Capítulo I</i>         |                   |                      |                   |                   |                      |                   |                   |                      |                   |
| <i>Capítulo II</i>        |                   |                      |                   |                   |                      |                   |                   |                      |                   |
| <i>Capítulo III</i>       | 35.937,96         | 42.012,72            | 27.654,74         | 34.926,82         | 38.556,56            | 28.576,85         | 34.967,87         | 38.203,71            | 28.806,60         |
| <i>Capítulo IV</i>        | 133.036,25        | 139.031,13           | 137.790,16        | 136.475,18        | 140.674,58           | 138.417,09        | 134.663,40        | 140.123,53           | 139.740,47        |
| <i>Capítulo V</i>         | 324,25            | 638,84               | 559,85            | 317,00            | 1.728,50             | 1.607,97          | 383,36            | 650,47               | 477,43            |
| <b>Ingresos correntes</b> | <b>169.298,46</b> | <b>181.682,69</b>    | <b>166.004,75</b> | <b>171.719,00</b> | <b>180.959,64</b>    | <b>168.601,91</b> | <b>170.014,63</b> | <b>178.977,71</b>    | <b>169.024,50</b> |
| <i>Cap VI</i>             |                   |                      |                   |                   | 6.116,27             | 6.116,27          |                   |                      |                   |
| <i>Cap VII</i>            | 47.445,91         | 69.740,84            | 48.411,28         | 48.623,92         | 54.771,54            | 33.137,50         | 56.649,96         | 60.824,96            | 36.788,71         |
| <b>Ingresos capital</b>   | <b>47.445,91</b>  | <b>69.740,84</b>     | <b>48.411,28</b>  | <b>48.623,92</b>  | <b>60.887,81</b>     | <b>39.253,77</b>  | <b>56.649,96</b>  | <b>60.824,96</b>     | <b>36.788,71</b>  |

|                                 |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |
|---------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| <b>Ingresos non financeiros</b> | <b>216.744,37</b> | <b>251.423,53</b> | <b>214.416,03</b> | <b>220.342,92</b> | <b>241.847,45</b> | <b>207.855,68</b> | <b>226.664,59</b> | <b>239.802,67</b> | <b>205.813,21</b> |
| <i>Cap VIII</i>                 | 0,00              |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |
| <i>Cap IX</i>                   | 2.547,62          | 4.715,61          | 4.682,13          | 4.767,73          | 879,48            | 601,87            | 5.900,00          | 8.534,96          | 8.196,11          |
| <b>Ingresos financeiros</b>     | <b>2.547,62</b>   | <b>4.715,61</b>   | <b>4.682,13</b>   | <b>4.767,73</b>   | <b>879,48</b>     | <b>601,87</b>     | <b>5.900,00</b>   | <b>8.534,96</b>   | <b>8.196,11</b>   |
| <b>Ingresos totais</b>          | <b>219.291,99</b> | <b>256.139,14</b> | <b>219.098,16</b> | <b>225.110,65</b> | <b>242.726,93</b> | <b>208.457,55</b> | <b>232.564,59</b> | <b>248.337,63</b> | <b>214.009,32</b> |

**1.b) En porcentaxe de variación interanual:**

| INGRESOS<br>(porcentaxe)        | VAR 2017/2016         |                          |                | VAR 2018/2017         |                          |               |
|---------------------------------|-----------------------|--------------------------|----------------|-----------------------|--------------------------|---------------|
|                                 | Previsión inicial (%) | Dereitos recoñecidos (%) | Cobros (%)     | Previsión inicial (%) | Dereitos recoñecidos (%) | Cobros (%)    |
| <i>Capítulo I</i>               |                       |                          |                |                       |                          |               |
| <i>Capítulo II</i>              |                       |                          |                |                       |                          |               |
| <i>Capítulo III</i>             | -2,81%                | -8,23%                   | 3,33%          | 0,12%                 | -0,92%                   | 0,80%         |
| <i>Capítulo IV</i>              | 2,58%                 | 1,18%                    | 0,45%          | -1,33%                | -0,39%                   | 0,96%         |
| <i>Capítulo V</i>               | -2,24%                | 170,57%                  | 187,21%        | 20,93%                | -62,37%                  | -70,31%       |
| <b>Ingresos correntes</b>       | <b>1,43%</b>          | <b>-0,40%</b>            | <b>1,56%</b>   | <b>-0,99%</b>         | <b>-1,10%</b>            | <b>0,25%</b>  |
| <i>Cap VI</i>                   |                       |                          |                |                       |                          |               |
| <i>Cap VII</i>                  | 2,48%                 | -21,46%                  | -31,55%        | 16,51%                | 11,05%                   | 11,02%        |
| <b>Ingresos capital</b>         | <b>2,48%</b>          | <b>-12,69%</b>           | <b>-18,92%</b> | <b>16,51%</b>         | <b>-0,10%</b>            | <b>-6,28%</b> |
| <b>Ingresos non financeiros</b> | <b>1,66%</b>          | <b>-3,81%</b>            | <b>-3,06%</b>  | <b>2,87%</b>          | <b>-0,85%</b>            | <b>-0,98%</b> |

*Cap VIII*

*Cap IX*            87,14%    -81,35%    -87,15%    23,75%    870,46%    1261,77%

---

**Ingresos  
financeiros**        **87,14%**    **-81,35%**    **-87,15%**    **23,75%**    **870,46%**    **1261,77%**

---

**Ingresos  
totais**                **2,65%**    **-5,24%**    **-4,86%**    **3,31%**    **2,31%**    **2,66%**

---

## 2) EVOLUCIÓN DE GASTOS ORZAMENTARIOS. Exercicios 2016, 2017 e 2018. Datos consolidados.

### 2.a) En valores absolutos:

| GASTOS<br>(Miles euros)       | 2016              |                     |                   | 2017              |                     |                   | 2018              |                     |                   |
|-------------------------------|-------------------|---------------------|-------------------|-------------------|---------------------|-------------------|-------------------|---------------------|-------------------|
|                               | Crédito inicial   | Obrigas recoñecidas | Pagos corrente    | Crédito inicial   | Obrigas recoñecidas | Pagos corrente    | Crédito inicial   | Obrigas recoñecidas | Pagos corrente    |
| <i>Capítulo I</i>             | 141.897,94        | 142.640,55          | 141.333,43        | 144.324,25        | 144.223,44          | 142.836,23        | 144.813,86        | 147.199,02          | 145.810,59        |
| <i>Capítulo II</i>            | 25.538,50         | 31.176,20           | 23.462,74         | 24.464,58         | 28.357,81           | 22.497,85         | 25.759,61         | 28.188,05           | 24.434,37         |
| <i>Capítulo III</i>           | 1.043,40          | 738,18              | 657,05            | 787,01            | 936,46              | 864,18            | 400,00            | 439,39              | 438,57            |
| <i>Capítulo IV</i>            | 1.932,79          | 6.554,07            | 6.480,40          | 1.884,07          | 4.988,46            | 4.966,58          | 1.733,58          | 3.687,99            | 3.680,22          |
| <i>Capítulo V</i>             | 586,18            | 0,00                | 0,00              | 350,00            | 0,00                | 0,00              | 50,00             | 0,00                | 0,00              |
| <b>Gastos correntes</b>       | <b>170.998,81</b> | <b>181.109,00</b>   | <b>171.933,62</b> | <b>171.809,91</b> | <b>178.506,17</b>   | <b>171.164,84</b> | <b>172.757,05</b> | <b>179.514,45</b>   | <b>174.363,75</b> |
| <i>Cap VI</i>                 | 44.538,44         | 48.786,18           | 42.613,97         | 47.950,65         | 56.760,20           | 51.331,43         | 55.211,43         | 62.650,60           | 59.019,29         |
| <i>Cap VII</i>                | 200,00            | 212,63              | 212,63            | 200,00            | 200,00              | 200,00            | 0,00              | 0,00                | 0,00              |
| <b>Gastos capital</b>         | <b>44.738,44</b>  | <b>48.998,81</b>    | <b>42.826,60</b>  | <b>48.150,65</b>  | <b>56.960,20</b>    | <b>51.531,43</b>  | <b>55.211,43</b>  | <b>62.650,60</b>    | <b>59.019,29</b>  |
| <b>Gastos non financeiros</b> | <b>215.737,25</b> | <b>230.107,81</b>   | <b>214.760,22</b> | <b>219.960,56</b> | <b>235.466,37</b>   | <b>222.696,27</b> | <b>227.968,48</b> | <b>242.165,05</b>   | <b>233.383,04</b> |



|                           |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |
|---------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| <i>Cap VIII</i>           |                   |                   |                   | 500,00            | 499,71            | 499,71            | 0,00              | 0,00              | 0,00              |
| <i>Cap IX</i>             | 3.554,74          | 16.277,28         | 16.277,28         | 4.650,09          | 11.624,08         | 10.681,18         | 4.596,11          | 4.394,89          | 4.394,89          |
| <b>Gastos financeiros</b> | <b>3.554,74</b>   | <b>16.277,28</b>  | <b>16.277,28</b>  | <b>5.150,09</b>   | <b>12.123,79</b>  | <b>11.180,89</b>  | <b>4.596,11</b>   | <b>4.394,89</b>   | <b>4.394,89</b>   |
| <b>Gastos totais</b>      | <b>219.291,99</b> | <b>246.385,09</b> | <b>231.037,50</b> | <b>225.110,65</b> | <b>247.590,16</b> | <b>233.877,16</b> | <b>232.564,59</b> | <b>246.559,94</b> | <b>237.777,93</b> |

**2.b) En porcentaxe de variación interanual:**

| GASTOS<br><i>(porcentaxe)</i> | VAR 2017/2016       |                         |               | VAR 2018/2017       |                         |               |
|-------------------------------|---------------------|-------------------------|---------------|---------------------|-------------------------|---------------|
|                               | Crédito inicial (%) | Obrigas recoñecidas (%) | Pagos (%)     | Crédito inicial (%) | Obrigas recoñecidas (%) | Pagos (%)     |
| <i>Capítulo I</i>             | 1,71%               | 1,11%                   | 1,06%         | 0,34%               | 2,06%                   | 2,08%         |
| <i>Capítulo II</i>            | -4,21%              | -9,04%                  | -4,11%        | 5,29%               | -0,60%                  | 8,61%         |
| <i>Capítulo III</i>           | -24,57%             | 26,86%                  | 31,52%        | -49,17%             | -53,08%                 | -49,25%       |
| <i>Capítulo IV</i>            | -2,52%              | -23,89%                 | -23,36%       | -7,99%              | -26,07%                 | -25,90%       |
| <i>Capítulo V</i>             | -40,29%             | 0,00%                   |               | -85,71%             |                         |               |
| <b>Gastos correntes</b>       | <b>0,47%</b>        | <b>-1,44%</b>           | <b>-0,45%</b> | <b>0,55%</b>        | <b>0,56%</b>            | <b>1,87%</b>  |
| <i>Cap VI</i>                 | 7,66%               | 16,34%                  | 20,46%        | 15,14%              | 10,38%                  | 14,98%        |
| <i>Cap VII</i>                | 0,00%               | -5,94%                  | -5,94%        | -100,00%            | -100,00%                | -100,00%      |
| <b>Gastos capital</b>         | <b>7,63%</b>        | <b>16,25%</b>           | <b>20,33%</b> | <b>14,66%</b>       | <b>9,99%</b>            | <b>14,53%</b> |
| <b>Gastos no financeiros</b>  | <b>1,96%</b>        | <b>2,33%</b>            | <b>3,70%</b>  | <b>3,64%</b>        | <b>2,84%</b>            | <b>4,80%</b>  |
| <i>Cap VIII</i>               |                     |                         |               | -100,00%            | -100,00%                | -100,00%      |
| <i>Cap IX</i>                 | 30,81%              | -28,59%                 | -34,38%       | -1,16%              | -62,19%                 | -58,85%       |

|                           |               |                |                |                |                |                |
|---------------------------|---------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| <b>Gastos financeiros</b> | <b>44,88%</b> | <b>-25,52%</b> | <b>-31,31%</b> | <b>-10,76%</b> | <b>-63,75%</b> | <b>-60,69%</b> |
| <b>Gastos totais</b>      | <b>2,65%</b>  | <b>0,49%</b>   | <b>1,23%</b>   | <b>3,31%</b>   | <b>-0,42%</b>  | <b>1,67%</b>   |

## 2.c) Outros gastos:

| <i>(Miles euros)</i>   | 2016  |      |            | 2017  |      |            | 2018  |      |              |
|--|-------|------|------------|-------|------|------------|-------|------|--------------|
|  | Haber | Debe | Saldo      | Haber | Debe | Saldo      | Haber | Debe | Saldo        |
| Gasto desprazado rexistrado en contas Non orzamentarias (409 ou similar) |       |      | 823        |       |      | 969        |       |      | 1.065        |
| Gasto desprazado pendente de rexistro                                    |       |      |            |       |      |            |       |      |              |
| <b>TOTAL</b>   |       |      | <b>823</b> |       |      | <b>969</b> |       |      | <b>1.065</b> |

## Contas orzamentarias de imputación

| <i>(Miles euros)</i>   | Capítulo | 2016  |      | 2017  |      | 2018  |      |
|--|----------|-------|------|-------|------|-------|------|
|  |          | Haber | Debe | Haber | Debe | Haber | Debe |
| Gasto desprazado rexistrado en contas Non orzamentarias (409 ou similar) |          |       |      |       |      |       |      |
|  | I        |       |      |       |      |       |      |
|  | II       |       | 298  |       | 375  |       | 112  |

|              |     |            |            |            |
|--------------|-----|------------|------------|------------|
|              | III |            |            |            |
|              | IV  | 407        | 448        | 847        |
|              | VI  |            |            |            |
|              | VII |            |            |            |
| <b>TOTAL</b> |     | <b>705</b> | <b>823</b> | <b>959</b> |

## Contas orzamentarias de imputación

### 3) PRINCIPAIS MAGNITUDES. Exercicios 2016, 2017 e 2018. En valores absolutos e en porcentaxe de variación interanual.

| (Miles euros)  | 2016             | 2017            | 2018             | 2017/2016<br>(%) | 2018/2017<br>(%) |
|--|------------------|-----------------|------------------|------------------|------------------|
| (1) <i>Ingresos correntes</i>                            | 181.682,69       | 180.959,64      | 178.977,71       | -0,40%           | -1,10%           |
| (2) <i>Gastos correntes</i>                              | 181.109,00       | 178.506,17      | 179.514,45       | -1,44%           | 0,56%            |
| <b>AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO (3)=(1)-(2)</b>             | <b>573,69</b>    | <b>2.453,47</b> | <b>-536,74</b>   | <b>327,66%</b>   | <b>-121,88%</b>  |
| (4) <i>Ingresos de capital</i>                           | 69.740,84        | 60.887,81       | 60.824,96        | -12,69%          | -0,10%           |
| (5) <i>Gastos de capital</i>                             | 48.998,81        | 56.960,20       | 62.650,60        | 16,25%           | 9,99%            |
| <b>SALDO OPERACIONES DE CAPITAL (6)=(4)-(5)</b>          | <b>20.742,03</b> | <b>3.927,61</b> | <b>-1.825,64</b> | <b>-81,06%</b>   | <b>-146,48%</b>  |
| <b>DEF/SUP ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO (7)=(3) + (6)</b> | <b>21.315,72</b> | <b>6.381,08</b> | <b>-2.362,38</b> | <b>-70,06%</b>   | <b>-137,02%</b>  |
| <b>SALDO DE ACTIVOS FINANCEIROS</b>                      | 0,00             | <b>0,00</b>     | 0,00             |                  |                  |
| <b>VARIACIÓN NETA PASIVOS FINANCEIROS</b>                | -11.561,67       | -10.744,60      | 4.140,07         | -7,07%           | -138,53%         |
| <b>DEF/SUP ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO (7)</b>           | <b>21.315,72</b> | <b>6.381,08</b> | <b>-2.362,38</b> | <b>-70,06%</b>   | <b>-137,02%</b>  |
| <b>AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL(8)</b>              | <b>21.315,72</b> | <b>6.381,08</b> | <b>-2.362,38</b> |                  |                  |

**CAP/NEC FINANCIAMENTO SEC'95 (9)=(7)+(8)**

-4.000,00

1.100,00

---

#### 4) SITUACIÓN ENDEBEDAMENTO 2017 - 2018

##### Exercicio 2017

(miles de euros)

| Ámbito Subxectivo                             | Universidade | Sociedades dependentes | Fundacións e resto de Entes | TOTAL  |
|---|--------------|------------------------|-----------------------------|--------|
| <i>Situación do endebedamento segundo PDE</i> |              |                        |                             |        |
| A. PRESTAMOS (A1+A2)                          | 22.145       |                        |                             | 22.145 |
| A.1 préstamos a c/p                           |              |                        |                             |        |
| en euros                                      |              |                        |                             |        |
| en moeda distinta de euro                     |              |                        |                             |        |
| A.2 préstamos a l/p <sup>(1)</sup>            | 22.145       |                        |                             | 22.145 |
| en euros                                      |              |                        |                             |        |
| en moeda distinta de euro                     |              |                        |                             |        |
| Outras formas de endebedamento                |              |                        |                             |        |



|   |               |               |
|---|---------------|---------------|
| 1.- Anticipos reembolsables estatais para I+D+i <sup>(2)</sup>    | 3.116         | 3.116         |
| 2.- Préstamos autonómicos, Campus Excelencia <sup>(3)</sup>       | 5.442         | 5.442         |
| 3.- Anticipos estatais a conta de fondos FEDER/FSE <sup>(4)</sup> | 19.542        | 19.542        |
| <b>SALDO A 31/12/2017</b>   | <b>50.245</b> | <b>50.245</b> |

(1) Préstamos recibidos de entidades bancarias

(2) Anticipos reembolsables concedidos no marco de convocatorias públicas para infraestruturas de I+D+i (Ministerios)

(3) Préstamos reembolsables concedidos pola Comunidade Autónoma, no marco das convocatorias estatais de axudas para Campus de Excelencia

(4) Anticipos estatais contabilizados como pasivos financeiros, a conta de fondos FEDER ou FSE en convocatorias de I+D+i competitivas, que serán convertibles en subvención logo da execución, xustificación das axudas, e recepción dos fondos por parte dos organismos estatais que xestionan eses fondos e as convocatorias respectivas.

## Exercicio 2018

(miles de euros)

| Ámbito Subxectivo  | Universidade | Sociedades dependentes | Fundacións e resto de Entes | TOTAL  |
|--|--------------|------------------------|-----------------------------|--------|
| <i>Situación do endebedamento segundo PDE</i>                  |              |                        |                             |        |
| A. PRESTAMOS (A1+A2)   | 18.684       |                        |                             | 18.684 |
| A.1 préstamos a c/p  |              |                        |                             |        |
| en euros   |              |                        |                             |        |
| en moeda distinta de euro                                      |              |                        |                             |        |
| A.2 préstamos a l/p <sup>(1)</sup>                             | 18.684       |                        |                             | 18.684 |
| en euros   |              |                        |                             |        |
| en moeda distinta de euro                                      |              |                        |                             |        |
| Outras formas de endebedamento                                 |              |                        |                             |        |
| 1.- Anticipos reembolsables estatais para I+D+i <sup>(2)</sup> | 3.116        |                        |                             | 3.116  |

|   |               |               |
|---|---------------|---------------|
| 2.- Préstamos autonómicos, Campus Excelencia <sup>(3)</sup>       | 4.640         | 4.640         |
| 3.- Anticipos estatais a conta de fondos FEDER/FSE <sup>(4)</sup> | 27.950        | 27.950        |
| <b>SALDO A 31/12/2018</b>   | <b>54.390</b> | <b>54.390</b> |

(1) Préstamos recibidos de entidades bancarias

(2) Anticipos reembolsables concedidos no marco de convocatorias públicas para infraestruturas de I+D+i (Ministerios)

(3) Préstamos reembolsables concedidos pola Comunidade Autónoma, no marco das convocatorias estatais de axudas para Campus de Excelencia

(4) Anticipos estatais contabilizados como pasivos financeiros, a conta de fondos FEDER ou FSE en convocatorias de I+D+i competitivas, que serán convertibles en subvención logo da execución, xustificación das axudas, e recepción dos fondos por parte dos organismos estatais que xestionan eses fondos e as convocatorias respectivas.

## 5) EVOLUCIÓN CUSTE FINANCEIRO

| <i>(Miles euros)</i>                |           | 2015   | 2016   | 2017   |
|-------------------------------------|-----------|--------|--------|--------|
| Custe financeiro (ámbito subxectivo | SEC 2010) | 866,66 | 738,18 | 936,47 |

**6) EVOLUCIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA. A 31 de decembro de 2016, 2017 e 2018. Datos consolidados.**

| <i>(Miles euros)</i>           | 2016             | 2017             | 2018             |
|--------------------------------|------------------|------------------|------------------|
| I. DEREITOS PENDENTES DE COBRO | 37.040,98        | 34.269,38        | 34.328,30        |
| II. OBRIGAS PENDENTES DE PAGO  | 15.347,58        | 13.713,00        | 8.782,02         |
| III. FONDOS LÍQUIDOS           | 4.377,20         | 3.082,67         | 6.844,79         |
| <b>TOTAL (I-II+III)</b>        | <b>26.070,60</b> | <b>23.639,05</b> | <b>32.391,07</b> |

**7) EVOLUCIÓN DOS SALDOS DE TESOURERÍA. Exercicios 2016, 2017 e 2018. Datos consolidados.**

| <i>(Miles euros)</i>           | 2016       | 2017       | 2018       |
|--------------------------------|------------|------------|------------|
| FONDOS LÍQUIDOS a 1 de xaneiro | 4.062,37   | 4.377,20   | 3.082,67   |
| PAGOS                          | 782.504,14 | 771.606,14 | 829.990,40 |

|                                  |            |            |            |
|----------------------------------|------------|------------|------------|
| COBROS                           | 782.818,97 | 770.311,61 | 833.752,52 |
| FONDOS LÍQUIDOS a 31 de decembro | 4.377,20   | 3.082,67   | 6.844,79   |

A información contida nestes dous apartados debe desagregarse conforme ao sinalado no ANEXO I.

## 8) ENUMERACIÓN DOS ENTES DEPENDENTES DA UNIVERSIDADE

Relación de Entes dependentes Universidade, á data de presentación do Plan, diferenciando as entidades que consolidan a nivel orzamentario das que só se recollen a efectos do SEC'2010.

### ENTES QUE CONSOLIDAN ORZAMENTARIAMENTE

*Nome Ente 1*

*Nome Ente 2*

*Nome Ente n*

### ENTES QUE SÓ FIGURAN A EFECTOS DO SEC'2010

---

## 9) ENUMERACIÓN DAS CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO EXERCICIO 2018

No ano 2018 existen varias causas que explican o peche de contas en situación de déficit.

a) **A insuficiencia de ingresos para cubrir os gastos estruturais.** Esta situación agravouse polos incrementos retributivos establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. O Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) condiciona a evolución do fondo estrutural (custo estándar) a ese incremento pero a contía resultante non cobre o aumento do capítulo I. No 2018 supuxo unha diferenza de 0,7 millóns de euros que a Universidade tivo que financiar con ingresos xerais.

Esta situación de insuficiencia agrávase polas seguintes cuestións:

- o aumento do prezo da enerxía que supuxo arredor de 200.000 euros máis sobre a cantidade orzamentada.

- a situación das infraestruturas da USC, especialmente as docentes, nas que non houbo investimentos nos últimos anos porque os esforzos centráronse na construción de infraestruturas de investigación para as que se obtivo financiamento alleo. O fondo destinado a obra RAM dentro do PGFU e claramente insuficiente para acometer o mantemento e reformas necesarias, que se estiman agora mesmo nuns 12 millóns de euros.

Así mesmo, esta insuficiencia impide que a Universidade acometa reformas que permitan un aforro enerxético, polo que a situación agrávase ano a ano ao ter arredor de 200.000 metros cadrados construídos nos anos 70 maioritariamente con estruturas que non son eficientes e para as que a universidade non dispón de capacidade para mellorar.

- Ademais, durante o 2018, o contrato de limpeza de edificios quedou deserto por ter un prezo insuficiente. Coas condicións actuais, a Universidade precisaría de 1 millón anual máis para que poder contratar ese servizo básico e que a licitación resultase viable.

As prórrogas do contrato coas empresas contribuíron tamén ao déficit, ao incrementarse o prezo do contrato nun 5%.

b) **O custo estrutural que supón a investigación, financiada con créditos finalistas.** O volume de recursos destinados á investigación que capta a Universidade de Santiago supón arredor do 55% do Sistema Universitario Galego. Sendo este indicador positivo, a dinámica da xestión dos fondos finalistas destinados á actividade investigadora leva consigo un alto grao de incerteza na xestión orzamentaria da universidade.

Ademais, ao igual que todas as actividades realizadas no seo da universidade, a investigación require de recursos que non se ven compensados cos custos indirectos asociados aos proxectos, sendo este desaxuste máis grave en áreas e centros que requiren de infraestruturas científicas e tecnolóxicas de vangarda. Sen embargo, a investigación realizada nestas contornas ten repercusións tanto na formación dos nosos titulados, como na transferencia de



coñecemento ao tecido produtivo, económico e social, que impacta a nosa calidade de vida e benestar diariamente e en múltiples aspectos (tecnolóxicos, sanitarios, artísticos e culturais). A sociedade inviste en investigación nas universidades a través dos fondos que se destinan dende a administración; pero este é un financiamento que non resulta suficiente, polo que é a propia universidade a que contribúe a soste-lo sistema cos seus propios recursos, o que pode conlevar o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

c) Engadido ao anterior, as **diferenzas entre as contías executadas e certificadas** (ao MINECO ou Axencia Estatal de Investigación) polos **anticipos de fondos FEDER**, convertibles en subvención producen **unha distorsión contable que aumenta o déficit**. Estas contías figuran na contabilidade como ingresos de pasivos financeiros ata que o organismo xestor dos fondos lle comunica á USC a cancelación desa “débeda”.

Para que exista unha correspondencia entre a débeda vixente por este concepto e o nivel de execución e xustificación de gastos, sería desexable que a débeda se puidera cancelar no momento de formular as contas xustificativas ou, cando menos, no momento de validación desa contas por parte do organismo xestor.

### III. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA. PERÍODO 2019-2020

#### 1) MEDIDAS CORRECTORAS DE INGRESOS E GASTOS

Enumeración das políticas de ingresos e gastos que permitirán á Universidade equilibrar os seus orzamentos en termos de contabilidade nacional.

| GASTOS  |  | PREVISIÓN IMPACTO ECONÓMICO |             |                |
|---|--|-----------------------------|-------------|----------------|
|   |  | (miles €)                   |             |                |
| DESCRIPCIÓN MEDIDA  | CAPÍTULO QUE ABRANGUE                        | 2019                        | 2020        | 2021 en diante |
| <b>Redución da contratación temporal</b>  |  |                             |             |                |
| Durante o 2019 iniciouse unha política de redución das contratacións temporais primando a reasignación da docencia cos recursos existentes no caso de necesidades de substitución e a reorganización das funcións.                              | <b>Capítulo I.<br/>Gastos de<br/>persoal</b> | <b>-130</b>                 | <b>-200</b> | <b>-250</b>    |
| <b>Redución de gastos relativos a contratos de mantemento e subministracións</b>  |  |                             |             |                |
| Na actualidade a Universidade ten 8 contratos de servizos de mantemento de climatización, fontanería, saneamento e electricidade subscritos con diferentes empresas e próximos ao seu vencemento. O seu importe anual ascende a 1.121.446,24 €. | <b>Capítulo II.<br/>Gasto corrente</b>       | <b>0</b>                    | <b>-150</b> | <b>-300</b>    |
| Por outra banda, mantén contratos de subministracións de electricidade, gas e gasóleo cuxo importe anual ascende a 5.350.000 €.   |  |                             |             |                |

| GASTOS            |                       | PREVISIÓN IMPACTO ECONÓMICO |      |                |
|-------------------|-----------------------|-----------------------------|------|----------------|
|                   |                       | (miles €)                   |      |                |
| DESCRICIÓN MEDIDA | CAPÍTULO QUE ABRANGUE | 2019                        | 2020 | 2021 en diante |

No momento actual estase traballando na licitación dun contrato integral que aglutine todos os anteriores e que permite xerar aforro no gasto corrente actuando sobre as infraestruturas para reducir os consumos.

Tendo en conta a secuencia de vencemento dos contratos e os prazos de licitación, esta medida non ten impacto nas contas do ano 2019 pero permitirá unha redución duns 150.000 euros nos orzamentos do 2020 estimando que poda acadar os 300.000 euros nos seguintes exercicios.

### Redución do gasto asociado ao contrato de limpeza de edificios

A Universidade de Santiago de Compostela ten actualmente dous contratos subscritos para a limpeza dos seus edificios situados en Santiago de Compostela e Lugo. O custo anual destes contratos supera os 8.000.000 €.

Ambas as dúas contratistas manifestaron a renuncia ás posibles prórrogas e o proceso de licitación para o contrato correspondente a Santiago de Compostela declarouse deserto a mediados de 2018.

O anterior prego de licitación estableceu frecuencias de limpeza que non son acordes cos usos actuais dos espazos, debido ao descenso do alumnado producido durante os últimos 10 anos. Nese mesmo período, a Universidade incrementou en 80.000 metros cadrados a súa superficie construída dedicada á investigación, o que supón necesidades diferentes.

Sobre esta base, estase traballando actualmente na redefinición da prestación avaliando os usos actuais dos diferentes espazos e planificando niveis de servizo que dean resposta ás

**Capítulo II.  
Gasto corrente**

**0**

**-300**

**-500**

| GASTOS            |                       | PREVISIÓN IMPACTO ECONÓMICO |      |                |
|-------------------|-----------------------|-----------------------------|------|----------------|
|                   |                       | (miles €)                   |      |                |
| DESCRICIÓN MEDIDA | CAPÍTULO QUE ABRANGUE | 2019                        | 2020 | 2021 en diante |

necesidades da Universidade e permitan a eficiencia no gasto e a eficacia na consecución dos fins institucionais.

O recurso a medio propio para a prestación de servizo permite un aforro por dúas vías: por unha parte afórrase o IVE non deducible que anualmente supera os 0,9 millóns de euros e por outra parte afórrase o beneficio empresarial que co modelo actual (dúas empresas distintas, unha en cada cidade onde a USC ten presenza) supón anualmente uns 0,5 millóns de euros.

Non obstante, os pasos a realizar para poder realizar o encargo obrigan á universidade a facer unha estimación prudente do aforro que se poderá obter no exercicio 2020 tendo en conta que a previsión é que o encargo durante o segundo semestre do ano e que serán necesarios investimentos iniciais en subministracións e material.

Estímase, á vista do anterior, que coa combinación das medidas descritas se aforren 300.000 euros no 2020 e 500.000 euros en 2021.

### **Redución dos custos de subministración asociados á posta en marcha do Centro de Biomedicina Experimental Animal (CEBEGA).**

A entrada en funcionamento deste centro preveuse na partida orzamentaria de gastos de subministración cun incremento con respecto ao ano 2018 de 600.000 euros.

Como medida de contención do gasto, retrásase a súa apertura e funcionamento operativo ata o último trimestre de 2019. Isto suporá unha minoración do crédito destinado na partida 8075 3000 221.00 que se estima en 100.000 euros menos aplicables no ano 2019.

|                       |             |          |          |
|-----------------------|-------------|----------|----------|
| <b>Capítulo II.</b>   |             |          |          |
| <b>Gasto corrente</b> | <b>-100</b> | <b>0</b> | <b>0</b> |

| GASTOS            |                       | PREVISIÓN IMPACTO ECONÓMICO |      |                |
|-------------------|-----------------------|-----------------------------|------|----------------|
|                   |                       | (miles €)                   |      |                |
| DESCRICIÓN MEDIDA | CAPÍTULO QUE ABRANGUE | 2019                        | 2020 | 2021 en diante |

### Redución en gasto corrente xeral

Reducirase o gasto corrente mediante o recorte nos seguintes gastos:

